

Historia social do galego ata 1916

1. Idade Media: galego-portugués

O galego e o portugués teñen unha orixe común, pois eran unha lingua única na Idade Media. O nacemento do galego-portugués dátase no século IX e comprende, orixinariamente, o territorio da Gallaecia (a actual Galiza, o norte de Portugal ata Coimbra e unha parte de Asturias e Castela León). Fíxate na imaxe:




Esta lingua viviu a súa época de esplendor entre os séculos XIII-XIV, a través da escola lírica galego-portuguesa (as cantigas medievais escribíanse en galego-portugués en toda a península). Ademais, no seu territorio, era unha lingua totalmente normalizada (utilizábase en todos os ámbitos, tanto na escrita como na oralidade).

A partir do século XIV, o galego-portugués experimentou un proceso de decadencia: por unha parte, prodúcese a segmentación lingüística entre o galego e o portugués; e por outra parte, o galego perde esa categoría de lingua normalizada ao introducirse o castelán no seu territorio e irse convertendo progresivamente na lingua hexemónica.

2. Os Séculos Escuros

Os séculos XVI, XVII e XVIII, denominados Séculos Escuros, constitúen un forte período de decadencia na historia da lingua galega, pois o galego só se conserva no plano oral e convértese na lingua empregada para falar na casa e nun rexistro coloquial, pero sen ningunha proxección pública. Isto supón un uso diglósico do idioma:



Non obstante, no século XVIII (Ilustración), algúns estudosos pertencentes ao mundo do clero, como o Padre Sarmiento, o Padre Feijoo ou o Cura de Fruíme, denuncian esta situación de marxinalidade lingüística e cultural e defenden o uso do galego no ensino e na administración. Ademais, grazas a eles, aparecen os primeiros estudos lexicográficos e etimolóxicos sobre o galego.

3. O Rexurdimento

Durante o século XIX, teñen lugar os movementos político-sociais do Provincialismo e do Rexionalismo que, entre outros obxectivos, pretenden revalorizar o galego no ámbito cultural. Isto vai favorecer a aparición dunha época denominada Rexurdimento, nela vólvese recuperar a nosa lingua para o ámbito da escrita literaria e destacan principalmente as seguintes personalidades: Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez e Eduardo Pondal.

Na recuperación da literatura escrita en galego influíron os seguintes acontecementos:

- Celebración dos Primeiros Xogos Florais na Coruña (1861): certame poético do que nace a primeira antoloxía de poesía en galego (*Álbum de la caridad*).
- Publicación da obra de poesía *Cantares gallegos* (1863) de Rosalía de Castro. Considérase o libro que inaugura o Rexurdimento.
- Publicación da obra *Maxina ou a filla espúrea* (1880) de Marcial Valladares, primeira novela en galego.
- Publicación das primeiras gramáticas e dicionarios e nacemento da prensa en galego.
- Constitución da Real Academia Galega (1906).